

Asuntos sociais

Expte: 2020007499

De conformidade co artigo 45.1b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publícase o contido da parte resolutiva da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais (BOP núm. 187, de 17 de agosto de 2020) emitida por decreto 2020006676, de 25 de novembro de 2020.

En virtude do disposto no artigo 8 das bases reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais (BOP Nº 163, do 17 de xullo de 2019), e, en exercicio das competencias delegadas (Decreto de Alcaldía-Presidencia núm. 2020005004, de 29 de setembro de 2020),

Resolvo,

Primeiro.- Aprobar a resolución da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do ano 2020 con cargo á partida 140.2318.48900 do orzamento municipal vixente, de acordo co seguinte detalle:

A) Adxudicar as seguintes entidades sen ánimo de lucro polos proxectos que se relacionan a contía que ascende a 296.448,10€. (douscentos noventa e seis mil catrocentos corenta e oito euros con dez céntimos):

ENTIDADE;NIF;PROXECTO;CONTIA

Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Ourense AFAOR;G32198970;Apoio psicolóxico para familiares e cuidadores/as de enfermos/as de alzheimer;25.323,20€.

AIXIÑA;G32144669;Servizo de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida do Concello de Ourense;20.295,80€.

Asociación Ourensana de esclerosis múltiple, Ela, Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas AODEM;G32209983;Atención a persoas con enfermidades neurodexenerativas e ás súas familias da provincia de Ourense. Ano 2020. Adaptación á crise sanitaria derivada da Covid 19;22.875,60€

Asociación Autismo Ourense;G32249484;Promoción da autonomía persoal en persoas con Trastorno de espectro do autismo TEA;32.585,00€.

Asociación de familiares de enfermos mentais MOREA A.F.E.M MOREA;G32187049;Integración social de persoas con enfermidade mental severa e as súas familias;23.275,00€.

Federación de asociacións de familiares e persoas con enfermidades mentais de Galicia (FEAFES GALICIA);G15545353;Servizo de prospección e inserción laboral para persoas con enfermidade mental;9.034,00€.

Cáritas Diocesana de Ourense;R3200098F;Programa de actividades dirixidas a persoas en situación de exclusión social severa e en risco de exclusión;29.204,00€.



**Concellería de Política Social,
Sanidade e Igualdade**

Rúa Bispo Carrascosa 8 - Ourense

Teléfono: 988 388 133

Federación Galega de Asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento FADEMG;G36620037;Servizos de emprego para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento de Ourense;4.922,96€.

Fundación Amigos de Galicia;G15859911;Plan integral de loita contra a pobreza e a exclusión social no Concello de Ourense;21.324,95€.

Asociación por Eles TEA Ourense;G32490278;Servizo terapéutico específico en TEA;28.238,00€.

Asociación REDMadre Ourense;G32394082;Ánxela ;2.017,00€.

Asociación de familias de persoas con trastornos da comunicación social TRASCOS;G32444119;Programa de desenvolvemento das competencias de intersubxectividade e das habilidades de comunicación social en persoas con Trastornos de comunicación social e Trastornos do Espectro autista;5.486,24€.

Asociación de fibromialxia, síndrome de fatiga crónica e sensibilidade química múltiple de Ourense AFFOU;G32303802;Atención psico-social e rehabilitador a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica, familiares e sensibilización;4.208,28€.

Asociación para a loita contra as enfermidades renais de Ourense ALCER;G32011041;Orientación e apoio na enfermidade renal crónica(ERC) a persoas vulnerables ao Covid- S19;5.608,09€.

Asociación de persoas xordas de Ourense APSOU;G32015463;Mellorando a accesibilidade das persoas xordas;11.481,00€.

Asociación diabética Auria;G32290546;Prevención e sensibilización sobre a diabetes: "controla a túa diabetes máis que nunca";1.680,31€.

Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Ourense DISCAFIS-COGAMI;G32117889;Servizos especializados;11.906,20€.

Down Ourense;G32311870;Logopedia e comunicación;11.647,21€.

Asociación de dano cerebral adquirido RENACER;G32306623;A educación social, a autonomía persoal e as actividades da vida diaria no dano cerebral ante a crise do Covid 19 no caso de pacientes crónicos;12.453,99€.

CIMO Entidade prestadora de servizos;G32010449;Emprégate;3.348,41€.

Valoresc innovation;G70377585;A Tribo de Malala;5.796,06€.

Asociación Galega de hemofilia AGADHEMO;G15220577;Escola de hemofilia: obradoiros de formación en hemofilia e outras coagulopatías;552,24€

Fundación neuroburgas dano neurolóxico;G32472763;Rehabilitación logopédica en persoas con dano neurolóxico;3.184,58€.

B) Denegar ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro á subvención por non cumprir os requisitos necesarios para acceder á subvención solicitada:



**Concellería de Política Social,
Sanidade e Igualdade**

Rúa Bispo Carrascosa 8 - Ourense

Teléfono: 988 388 133

Asociación de persoas con discapacidade de Ourense(ADO) co CIF G32410797

Proxecto Taller Prelaboral Autoxestionado

Por incumprimento artigo 3.6 : Que non presenten a documentación requirida no punto 4 de estas bases.

Asociación para a promoción social de persoas con dificultades de patoloxía dual psíquica (CADABULLO) co CIF G32359218

Proxecto: Programa de atención Psicosocial en Patoloxía Dual

Por incumprimento artigo 3.6 : Que non presenten a documentación requirida no punto 4 de estas bases.

Comité cidadán antisida de Ourense co CIF G32169609

Proxecto: Punto de encontro "Calor e Café"

Por incumprimento artigo 3.6 : Que non presenten a documentación requirida no punto 4 de estas bases.

SUSTINEA co CIF G32422834

Sen proxecto

Por incumprimento artigo 3.6 : Que non presenten a documentación requirida no punto 4 de estas bases.

Asociación de enfermos de Crohn e colite (ACCU) co CIF G32338725

Proxecto: Baños adaptados para persoas ostomizadas e a súa divulgación en edificios municipais do Concello de Ourense.

Considerase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases por tratarse de traballos máis propios da consulta e da elaboración dun proxecto de obra que se realizaría nos edificios de titularidade municipal, concretamente na adaptación dos baños, é un proxecto relativo á infraestrutura municipal que non está realizado, non sendo competencia dos servizos sociais.

Asociación de apoio a discapacitados intelectuais de Ourense(ADIDO) co CIF G32465171

Proxecto Asociación de Apoio a discapacitados intelectuais de Ourense

Considerase que non presenta un proxecto concreto, trátase dunha actividade ordinaria da entidade que non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases por tratarse dunha solicitude baseada na adquisición do material para realizar a actividade, trátase dunha inversión económica en equipamento.

AMENCER co CIF G32025405

Proxecto: Primeira Liña

Considerase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases por tratarse dun proxecto educativo, que da resposta as carencias educativas. É un proxecto destinado a mellorar as capacidades educativas dos menores con dificultades, a través dun apoio acompañado e un seguimento organizado. Trátase dunha proposta de educación formal, que combina educación regrada con educación informal no tempo libre, dando resposta ás necesidades educativas específicas de nenos e adolescentes da cidade.

Fundación Amigos de la barrera co CIF G32321978



**Concellería de Política Social,
Sanidade e Igualdade**

Rúa Bispo Carrascosa 8 - Ourense

Teléfono: 988 388 133

Proxecto: Centro de Acompañamento Familiar

Considérase que este proxecto non se axusta os obxectivos e finalidade das bases, sendo os destinatarios maiores de 55 anos, dato que non os converte en persoas en situación de vulnerabilidade social. Os centros cívicos municipais ofertan actividades, sobre o manexo das TICs, de carácter gratuíto. Trátase dunha actividade lúdica-formativa. Non se consideran actividades de interese, promoción social ou de utilidade pública para os servizos sociais do Concello de Ourense.

REMAR co CIF G36786986

Proxecto: Información, Orientación, Atención Social e cobertura de axuda alimentaria para persoas e familias en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social e fronte ao impacto social do Covid 19 na cidade de Ourense

Considerase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases por tratarse dun proxecto que non determina qué profesionais do ámbito social forman o equipo social que realiza valoracións das situacións sociais, realiza o plan personalizado de intervención (PPI), non especifica o número de horas nin os custos hora. O proxecto refire 15 voluntarios, consideranse insuficientes os recursos humanos para a realización do mesmo, posto que o voluntariado non pode garantir nin a continuidade nin a estabilidade dun proxecto.

Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución na forma legal, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, publicación que substitúe a notificación, con todos os seus efectos, facendo constar que a dita resolución esgota a vía administrativa.

Contra a resolución poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o órgano que ditou ésta, dentro do prazo dun mes consonte os artigos 123 e 124 da lei de procedemento administrativo e, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de

Ourense, dentro do prazo de dous meses, ao abeiro do disposto nos artigos 8, 45 e 46 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución á Tesourería Municipal.

Mándao e asíno o sr. concelleiro de Política Social, Igualdade e Saúde; Participación Cidadá, Xuventude, Turismo e Termalismo; Servizos Xerais, Transparencia e Sistemas de Información; Seguridade Cidadá; Comercio; Mobilidade e Transporte, do que eu, Oficial maior, dou fe.